

Boletín do Instituto Galego das Cualificacións

Nº 2



Nestes momentos en que tan importante é buscar novos camiños e filóns de emprego, e no que comezamos unha nova etapa na Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo e Benestar, a nosa tarefa é darnos unha oferta formativa axeitada ao noso mercado laboral para multiplicar as posibilidades de emprego e promoción profesional dos traballadores e traballadoras de Galicia.

O noso firme compromiso é fornecer alternativas para que a nosa poboación activa teña posibilidades de presente e de futuro.

Por isto, e co horizonte de acadar os obxectivos descritos, o equipo de profesionais do Instituto Galego das Cualificacións xa está a traballar, pódose á disposición da sociedade galega para o que esta nos demande.

ANA M^a DÍAZ LÓPEZ
Directora xeral de
Formación e Colocación



CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE

A NOVA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

A Lei orgánica 5/2002, das cualificacións e da formación profesional, establece que as cualificacións se acreditarán mediante títulos de formación profesional expedidos pola Administración educativa, ou certificados de profesionalidade expedidos pola Administración laboral. Con isto perséguese un maior achegamento ás necesidades do sistema produtivo e a integración de toda a FP.

Dentro da Formación Profesional para o Emprego, temos a **formación de demanda** para a inserción laboral dos traballadores e a **formación de oferta** referida á formación dos traballadores nas empresas, reguladas polo Real decreto 395/2007.

A oferta formativa da Administración laboral inclúe os novos certificados de profesionalidade, regulados polo RD 34/2008, que na nosa comunidade son expedidos pola Consellería de Traballo e Benestar.

NOVIDADES

CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE:

- Os novos certificados teñen niveis de cualificación profesional que poden ser de nivel 1, 2 ou 3.
- Inclúen un módulo de prácticas profesionais non laborais que se desenvolverán nun ámbito produtivo real: as empresas.
- Os módulos formativos de 90 horas ou máis poderanse dividir en unidades formativas.
- Ademais haberá formación a distancia.



¿PARA QUE SERVE ESTE CÓDIGO QR?



Se ten conexión a internet a través do seu móbil dirixa a súa cámara cara a esta imaxe e poderá acceder directamente á páxina web do Instituto

Publicacións

No anterior número desta publicación dábase a coñecer a elaboración por parte do Instituto Galego das Cualificacións do Informe do mercado laboral 2008, estudo que proporciona datos a diversos niveis da realidade sociolaboral que caracteriza a nosa comunidade autónoma. Este informe pódese consultar xa na páxina web da consellería no punto de Publicacións-Estudios do mercado laboral.

Unha das partes de que consta esta edición preséntase en forma de fichas de ámbito comarcal, as cales completan toda a información proporcionada no estudo. Ademais de incluírse no documento, as fichas publícanse de xeito independente para facilitar o seu manexo. A súa estrutura sintética fainas axeitadas para unha consulta rápida e gráfica dos seguintes indicadores:

- Pirámide poboacional de cada comarca.
- Principais actividades económicas para as empresas, asalariados, autónomos, demandantes parados e contratados baseándose na Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE). Inclúese o peso relativo de cada actividade, así como a tendencia seguida no último quinquenio.



- Evolución semestral dos demandantes parados e contratados presentada en forma de gráfica comparativa.
- Movemento contractual entre comarcas segundo o indicador de persoas contratadas.
- Principais grupos ocupacionais entre os demandantes parados e contratados, ademais dos saldos máis destacados. En concreto establécense os maiores superávits e os maiores déficits de contratados por ocupación, mostrando ademais a tendencia seguida nos últimos cinco anos.
- Principais características da comarca en función do grupo de pertenza establecido no informe. No estudo establécense unha agregación das distintas unidades comarcais para así sinalar trazos comúns entre elas e establecer unha dimensión sintética na interpretación da información.

Aplicación web sobre a mobilidade dos traballadores

Una das novas aplicacións informáticas que o Instituto Galego das Cualificacións porá á disposición dos usuarios na súa páxina web fai referencia aos traballadores que entran e saen do mercado laboral galego, ben con respecto ao resto do Estado ou ben no seo da propia comunidade autónoma.

Esta aplicación informática parte da información que nos ofrece un contrato, e considera que hai mobilidade cando non existe coincidencia entre o municipio de domicilio do/a traballador/a e o municipio de domicilio da empresa que o contratou.

En resumo, esta ferramenta informática permitirá xerar informes nos seguintes pasos:

- Unha primeira delimitación xeográfica indicará o ámbito territorial desde onde se pretende realizar a consulta e permitirá tres niveis de descrición: autonómico, provincial e municipal. O punto de partida será sempre un concello ou unha provincia de Galicia. No ámbito provincial pódese elixir unha ou varias provincias; esta posibilidade multiopcional esténdese tamén ao ámbito municipal, feito que posibilita o establecemento de comparacións nunha mesma consulta entre distintos espazos territoriais que se atopan ao mesmo nivel.
- Un segundo paso será a determinación temporal. O usuario pode optar por dous camiños diferentes: un consiste en establecer un momento temporal correspondente a un mes, trimestre ou ano determinado. A outra posibilidade é elixir unha "serie" que posibilita obter datos de evolución por intervalos de tempo regulares de carácter mensual, trimestral ou anual.
- No terceiro paso solicitaráselle ao usuario que especifique o contido da consulta elixindo entre unha serie de indicadores prefixados na propia aplicación web, como poden ser o número de contratos e os traballadores contratados por sexo e idade, conforme a Clasificación Nacional de Ocupacións ou a Clasificación Nacional de Actividades Económicas, segundo o seu nivel académico, de acordo coa súa tipoloxía de contratación, etc.
- Unha vez configurada a consulta logo destes tres pasos, contrástase con outras comunidades autónomas, provincias ou concellos de Galicia ou do resto do Estado.

ESTA APLICACIÓN CUMPRE COAS NORMAS DE ACCESIBILIDADE



Se quere acceder á páxina web do Instituto Galego das Cualificacións
<http://emprego.xunta.es/cualificaciones>



Normativa autonómica destacada:

Decreto 79/2009, do 19 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 75, do 20 de abril de 2009).

Decreto 82/2009, do 21 de abril, polo que se establecen os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 77, do 22 de abril de 2009).

Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia (DOG núm. 77, do 22 de abril de 2009).

Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar (DOG núm. 123, de 25 de xuño de 2009).

Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia (DOG núm. 84, do 1 de maio de 2009).

Decreto 33/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego (DOG núm. 35, do 19 de febreiro de 2009).

Decreto 17/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Plan de prevención de riscos laborais na Administración xeral da Xunta de Galicia (DOG núm. 24, do 4 de febreiro de 2009).

Orde do 3 de abril de 2009 pola que se constitúen os pactos territoriais de emprego da Coruña, de Santiago de Compostela, de Pontevedra e de Vigo, e se adscriben os concellos de Monfero e Calvos de Randín aos pactos territoriais de Ferrol e A Limia-Verín respectivamente (DOG núm. 71, do 15 de abril de 2009).

Normativa estatal:

Resolución do 26 de marzo de 2009, do Congreso dos Deputados, pola que se ordena a publicación do Acordo de validación do Real decreto-lei 2/2009, do 6 de marzo, de medidas urxentes para o mantemento e o fomento do emprego e a protección das persoas desempregadas (BOE do 3 de abril de 2009).

Resolución do 26 de decembro de 2008 da Secretaría de Estado de Inmigración e Emigración, pola que se dispón a publicación do Acordo do Consello de Ministros, do 19 de decembro de 2008, polo que se regula

o contingente de traballadores estranxeiros de réxime non comunitario en España para o ano 2009 (BOE do 7 de xaneiro de 2009).

Resolución do 25 de marzo de 2009, do Servizo Público de Emprego Estatal, pola que se publica o Catálogo de ocupacións de difícil cobertura para o segundo trimestre de 2009 (BOE do 13 de abril de 2009).

Resolución do 27 de abril de 2009, do Servizo Público de Emprego Estatal, pola que se publican os cuestionarios de avaliación de calidade das accións formativas para o emprego (BOE do 11 de xuño de 2009).

Para acceder á páxina web da Consellería de Traballo e Benestar:

<http://xunta.es/conselleria-traballo-e-benestar>

Para acceder directamente á área de traballo:

<http://traballo.xunta.es>